



R recala en “Open Science” Cambre cos seus talleres de robótica crea R para cativas e cativos

- ***De novo, o operador galego participa na feira da ciencia e da sostibilidade de Cambre, desta volta mañá, sábado 18, no espazo R do patio do Colexio Wenceslao Fernández Flórez de Cambre co seu programa crea R: obradoiros de robótica para a rapazada.***
- ***Durante esta fin de semana a nova edición da “Open Science” Cambre seguirá a promover o coñecemento da ciencia aberta, sostible e responsable, levantando á vez pontes entre investigadores e axentes educativos.***

Venres, 17 de setembro de 2021.- R integrárase nesta nova edición da feira da ciencia de Cambre cun plan didáctico pensado para vivir e gozar en familia co que todos/as poidan achegarse un anaco máis ás novas tecnoloxías.

O devandito plan materialízase nos talleres de robótica do programa **crea R**, que aterran na “Open Science” Cambre co propósito de incidir na aprendizaxe e no emprendemento fomentando, dun xeito lúdico, as habelencias emocionais e sociais en nenos e nenas de 7 a 12 anos. Mañá sábado, entre as 12:00 e as 14:00 h, os/as peques poderán achegarse, no espazo **R** preparado no patio no Colexio Wenceslao Fernández Flórez de Cambre, a conceptos básicos de robótica botando man da plastilina, e aprenderán a deseñar tamén as bases dun sistema automatizado de rega.

Tres talleres temáticos: cidades condutivas, curtocircuitos e rega intelixente

Haberá na feira da ciencia tres tipos de talleres para a rapazada:

Cidades condutivas. Taller para nen@s de 7 e 8 anos.

Os participantes aprenderán conceptos básicos de **condutividade** a través da plastilina, construíndo a maqueta dunha cidade e moldeándoa dunha maneira máis creativa con este material condutor da electricidade, para terminar acendendo luces LED na propia maqueta.

Sala de operacións. Taller para nenas e nenos de 9 e 10 anos.

Dunha maneira educativa e divertida, mediante a creación dun 'xogo de operacións' que deseñarán e programarán ao seu gusto, os pequenos/as aprenderán conceptos básicos de condutividade e sinais dixitais, así como o funcionamento dun **curtocircuíto**. Todo iso, a través da chamada placa *microbit* e de diferentes elementos electrónicos.

Sistema de rega intelixente. Taller para nenas e nenos de 10 a 12 anos.

Aprenderán a deseñar un sistema automatizado que detecta o nivel de humidade e a temperatura das plantas para **saber cando deben regarse**, baseándose en sensores de humidade, un sensor térmico integrado e unha placa controladora. Ademais crearán, dunha forma visual e amigable, un sistema que sirva para comprender os datos obtidos.

Espazos abertos e medidas de seguridade

As feiras de ciencia son un espazo onde os investigadores novos e adultos lle mostran as súas experiencias ao público fóra das escolas, universidades, museos ou centros de investigación para compartir os seus traballos en lugares comúns como prazas, parques ou centros comerciais. A “Open Science” Cambre escolleu desta volta o patio do Colexio Wenceslao Fernández Flórez para desenvolver este evento ao que **R** se suma coa idea de ratificar, unha vez máis, a súa aposta pola ciencia en Galicia e por iniciativas educativas e didácticas que enfoquen o desenvolvemento sostible como prioridade.

Para adaptarse aos novos requirimentos anti-COVID 19, a feira da ciencia de Cambre contará con medio centenar de expositores presenciais (lonxe aínda dos 116 que se instalaron en datas previas á pandemia) e evitarase a tradicional estadía de mozos e mozas chegados/as de fóra e acollidos no concello para desfrutar do evento nestas datas. O resto das actividades (relatorios e demostracións) desenvolveranse telematicamente.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal